



#### RESPONSABLE DO TRATAMENTO

Concello de Ponteareas

#### BASE XURÍDICA

Artigo 6. 1. c) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento:

Lei 7/1985, do 12 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ordenanza de transparencia da Deputación de Pontevedra.

Artigo 6. 1. e) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

#### FINS DO TRATAMENTO

Xestión e custodia do rexistro de intereses (declaración de bens, actividades e intereses das persoas membras da Corporación Provincial).

#### COLECTIVO

Empregadas/os públicos e persoas deputadas.

#### CATEGORÍAS DE DATOS

Datos de infraccións: Natureza penal e administrativa.

Carácter identificativo: Nome e apelidos, NIF, enderezo (postal ou electrónico), teléfono (fixo ou móbil), sinatura e sinatura electrónica.

Características persoais: Datos de estado civil, idade, datos de familia, sexo, data de nacemento, nacionalidade e lugar de nacemento.

Circunstancias sociais: Situación militar, propiedades, posesións, licenzas, permisos e autorizacións.

Académicos e profesionais: Formación, titulacións, historial do estudante, experiencia profesional, pertenza a colexios ou asociacións profesionais.

Detalles do emprego: Corpo/escala, categoría/grao, postos de traballo, datos non económicos de nómina e historial do traballador.

Datos de información comercial: Actividades e negocios, creacións artísticas, literarias, científicas ou técnicas e licenzas comerciais.

Datos económico-financeiros de seguros: Ingresos, rendas, investimentos, bens patrimoniais, datos económicos de nómina, datos, seguros e hipotecas.

#### CATEGORÍAS DE DESTINATARIOS

Tribunal de Contas, Órganos xurisdicionais, Axencia Protección Antifraude e público en xeral.

#### TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS

Non están previstas transferencias internacionais.

#### PRAZO SUPRESIÓN

Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

#### MEDIDAS DE SEGURIDADE

As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Esquema Nacional de Seguridade.